

ACTUALIDADE

En pleno século XXI, en medio do mundo das tecnoloxías e a globalización, permanece e aumenta, día a día, unha realidade tan próxima coma invisible: A TRATA DE PERSOAS, que constitúe unha grave violación dos dereitos humanos. A trata atenta contra o dereito á vida, á dignidade, á integridade física e psíquica, á seguridade e á liberdade.


*A trata de seres humanos
constitúe un delito moi
lucrativo, que xera
beneficios de millóns de
euros cada ano no mundo.*



A TRATA DE PERSOAS

é un problema mundial e un dos delitos máis vergoñentos que existen, xa que priva da súa dignidade a millóns de persoas en todo o mundo. Segundo a Oficina contra a Droga e o Crime de Nacións Unidas (UNODC), afecta a máis de 2,4 millóns de persoas no mundo, fundamentalmente mulleres e nenas, e é, xunto co tráfico de drogas e de armas, o terceiro negocio máis lucrativo do planeta.

A maneira máis coñecida de trata de persoas é a explotación sexual. Centos de miles de vítimas tamén son obxecto de trata con fins de traballo forzoso, servidume doméstica, mendicidade infantil ou tráfico de órganos...



Combater a
trata de seres
humanos é

UNHA
PRIORIDADE!



As vítimas da trata viven diferentes formas de engano, abuso, sufrimento e explotación, e vense reducidas á condición de simple mercadoría, propiedade doutras persoas, enfrontadas ó inferno dunha vida de traballo forzado, explotación sexual e prostitución.

A ONU estima que, na actualidade, **2/3 das vítimas son mulleres, mentres que os menores representan 1/3 do total.**

Unha porcentaxe elevada de homes en España recoñece ter pagado por servizos sexuais.

SE NON MERCAS

NON HAI

TRA
TA